

27947

i Terra nosa!

BIBLIOTECA POPULAR GALEGA

Número programa.

5 cénts.



REAL ACADEMIA
GALEGA
A CORUÑA

F-814

Biblioteca

LOIS PORTEIRO GAREA


✻ UN MENSAXE A GARCIA ✻

LOIS PORTEIRO GAREA

Dispostos a emprendel-a publicación de «¡Terra a nosal!» foi o noso deseio adicar o pirmeiro número ô gran Porteiro, ô loitador incansabre, cuia morte prematura e inagardada henchéu de dô o corazón dos bôs patriotas galegos.

Deseiábamos coleicionar algúns dos traballos máis saentes e darlles publicidade xunto co-as cuartelas que deixou inéditas noso querido irmán. Moi á pesar noso, vímonos percisados á aplazal-o, aínda qu'elo será por pouco tempo.

Pro eisi e todo, e cumprindo en parte o noso propósito, inauguramos a galería d'autores e homes ilustres qu'iremos publicando na portada, co-iste retrato do malogrado Porteiro, retrato dobremente intresante, por habere sido feito pouco antes da sua morte, e cuia publicación debemos â amabilidade do seu respectable irmán o Rvdo. D. Santiago, párroco de Sorrizo, á quén dend'eiquí reíteramos as nosas máis eispresivas gracias.



Papelería LOMBARDEO



Objetos de escritorio y dibujo
Impresos de todas clases — Tarjetería
Devocionarios — Recordatorios — Esquelas
Agendas y Almanagues para 1919

& &

ULTIMAS NOVEDADES

PRECIOS ECONÓMICOS

Real, 36. — La Coruña



Esta es

la cajita original del universalmente conocido y sin rival

SELO YER

que calma y cura cual ningún otro preparado: Dolor de cabeza, Neuralgias, Grippe, Dolor de muelas y de oídos, Dolores reumáticos y los especiales de la mujer, etc., etc.

RECHACE VD. LAS IMITACIONES

CAJA CON UN SELLO, 30 cts.

Caja con 12 sellos.... 3 ptas.

De venta en todas las Farmacias y Droguerías

CASA EIREA

LA GARANTÍA—San Andrés 67 - La Coruña

Objetos para regalos.

Artículos para caza y pesca.

Perfumería.

Objetos para viaje y turismo.

Artículos para peluqueros y manicuras.

==== GRANDES NOVEDADES =====

Unico depósito de las afamadas
escopetas de Víctor Sarasqueta

NIQUELADOR

VACIADOR

LA GARANTÍA -- San Andrés, 67 -- La Coruña

Uralita Roviralta

PARA TECHADOS

Pizarras fuertemente comprimidas de 40X40 centímetros
Fabricadas con amianto

Resisten todas las temperaturas y son las cubiertas
más ligeras, económicas, incombustibles y eternas.

Vendedor exclusivo: IGNACIO PEDREGAL.--La Coruña y Vigo

TERRA A NOSA



«Terra a nosa» saíu á luz por que tén ou crê tere unha outa misión que cumprire en Galicia.

«Terra a nosa» é o pirmeiro folleto galego que publicará somanal, decenal ou quincenalmente, unha serie de contos, novelas, comedias e poemas dos mestres da nosa fala, e posibre é tamén que n-él aparezan n-algunhos números — sin grandes pretensións— unha gramática e unha xeografía galegas, amén d'un compendio no que trátese á grandes rasgos a Historia da nosa terra.

Por meio de concursos, que axiña començarase cò pirmeiro, iremos dando á conocere as produccions literarias dos nosos enxebres esquirtores, e alentaremos co-elo á nosa xuventude á que crebe lanzas na literatura patria.

Todo esto fará «Terra a nosa» e moito mais.

O púbrico dirá.

Os EDITORES.



No próximo número correspondente ó día 10
do mes que rixe, publicaráse o poema

O CASTRO DE CAÑÁS

con longos apêndices en prosa respeito

à proto-historia galega

con notas e fotografados

orixinal de

Francisco Tettamancy Gastón



EIQUÍ QUE NON PECO

Este primeiro número de «Terra a nosa» non é outra cousa que un número prospeito. N-él votamos man d'«Un mensaxe á García», por enxerguer qu'o contido do tal, na nosa terra, debja de sere adeprendido por cada un de nós, e dempóis d'adeprendido, praiticalo.

«Un mensaxe á García» está basado n'un feito real. Cando a guerra entr'España e os Estados Unidos, com'os feitos tiñanse que desarrollare alí onde a escuadra española se atopare, ô atópárese ésta na bahía de Santiago de Cuba, alí tiña de sere o comenzo e fin das hostilidades, tendo por descontado como tiñan os americanos, de destruire os catro barcos qu'alí tiñamos, tan axiña como saíran do porto.

Na zona oriental da Isla de Cuba, figuraba ô frente das tropas cubanas qu'operaban por aquela provincia, o caudelo revolucionario Calixto García. Por certo qu'ô respeito da morte d'este caudelo, que ocorreu nos Estados Unidos á onde foi á raiz de se

romatar a guerra, corren varias versións qu'eiquí non son do caso nomealas, máis que todas elas relaciónanse co-a acollida que fixeron as tropas ô seu mando ôs mariños que fuxindo do fogo da escuadra americana cobizaban ganala costa á nado. O recibimento foi a tiros, e hai quen dí que foron avisados pol-os americanos de que depuxeran a sua aitude, ou amostrariánlles do xeito que deben recibirse os héroes d'unha tan gloriosa xornada como foi aquela pr'â mariña española, xornada sacada na aitualidade da ucha das lembranzas con motivo da entrega da escuadra alemana.

Pois ben: á Mac Kinley éralle perciso o se poñere en comunicación con Calixto García, e isto soio podíase abranguere por meio d'un propio, sendo este propio o yankee Rowan citado pol-o articulista Mr. Elbert Hubbard.

Certo é qu'o de non perguntar por cousa algunha sobor da carta—como lêrán no «Mensaxe á García»—non houbo tal. Rowan sabía ô que iba e pra qué iba. O mérito de Rowan estivo en leval-a ô seu destiño, sendo sabedore dos perigos á que iba esposto. O conto é que Mac Kinley ou a nación americana mellor dito, percisaba un home, e o home foi Rowan.

Eiquí en Galicia tamén fai falla un home. E fondonísimamente perciso un Rowan. Temos nós tamén un mensaxe pra García cicáis de máis precisión qu'o de Mac Kinley. Pra él constituía ucha axuda; pra nós constituíe a arela das nosas arelas, a vida da nosa vida. Nós temos un niño. Un niño maltreito pol-o tempo e por mans alleas. Percisamos d'un home que nos dirixa pra reconstruílo, e ise home será o que ten de levare o noso mensaxe á García.

Lê leitor con detenimento «Un mensaxe á García», e verás con dôr que tal parez que foi esquirto pra nós.

N-esta nosa terra onde a conformidade tomou asento con carís d'eternidade, onde cada cibdadán somella un autómeta ô


que lle déron corda pra facelo vivire co-un fin determinado, onde todo e difizle, ond'un pequeno pelouro tomámol-o por xigantesca montana, ond'as cousas non se fan porque «non é costume», onde non s'acomete empresa algunha por dala por fracasada con anterioridade, o artigo de Mr. Elbert Hubbard, vennos á nós como anél'ô dedo.

Agora ben: surxe entre nós algún portadore do «mensaxe á Garcia», e d'aquela, por mala fé ou predestiño da raza, a masa inerte, a masa valeira de senso, acomete, fala e dá mostras de vitalidade, pra mordere ô «portadore do mensaxe» co-a ruín calumnia, pr'afogalo e o non deixare rexurdire co-a intriga, pra o collere e facel-o desaparecere do camiño da luz e da vountade envolveito na baba noxenta d'este desgraciado pobo, que non vive máis que pra lle fendere a testa ô irmán que ten folgos e azo pra rubire.

Este é endemal o noso pobo. Eiquí soio teñen dreito á rubire os políticos; e ruben por unha razón moi xusta: porque amóstranos a tralla n'unha man i eslabóns de cadea d'escravitude na outra, pra co-a primeira zorregar a nosa carne e o noso espírito, e cós segundos agrilloar nosos pulsos de servos.

Os que levan en troques arelas de libertade no peito e ideas en prena maturidade no cerebro, esos non poden rubire porque os unhos daránnos patria e os outros luz. E nós non nacimos pra unha cousa nin prâ outra, porque d'aquela perderíamos a nosa condición d'escravos, e o camiño d'esa América que si non é tumba de galegos, é torta e têbroso congostra onde deixa a nosa xuventude xiróns de saude e de vida, e que resulta polo tanto fonte natural do depauperamento da nosa raza.

¡Terra a nosa!



1870
1871
1872
1873
1874
1875
1876
1877
1878
1879
1880

1881
1882
1883
1884
1885
1886
1887
1888
1889
1890
1891
1892
1893
1894
1895
1896
1897
1898
1899
1900

PROLOGO DO AUTOR

Esta pequenez literaria, «Un mensaxe á García», foi esquirta unha noite, dempóis da cea, no termo d'unha hora. Erase aló pol-o vintédous de febreiro do mil oitocentos noventa e nove, natalicio de Washington, e xa ibamos á entrare en prensa cò lúmaro de marzal da nosa revista *Philistine*. Saía candente do meu corazón, esquirta, cal foi, dempóis de pesaroso día adicado á tratate de insinar á certos indolentes moradores da vila, á ab-xurare d'aquel estado comatoso en qu'atopábanse e a lles infiltra-re radio aifividade.

A ideia orixinale xurdéu d'unha pequena discusión cando tomabamos o té, na cal meu fillo Bert lanzou a especie de haber sido Rowan o verdadeiro héroe da guerra de Cuba. Rowan saíu soio, e realizou o seu propósito,—levou o mensaxe á García. Cal destelo de luz, acudiu à miña mente a ideia. E certo, díxenme, o rapáz ten razón que ll'abonda: héroe é aquel que cumpre o seu cometido—que leva o mensaxe á García. Erguínme da mesa i escribín «Un mensaxe á García». Tan pouca foi a miña estima por

este artigo, que publicóuse sin encabezamento na revista. Fíxose o reparto, e pouco dempóis comenzaron á chegare pedidos d'unha dúcia, cincuenta, cen exemplares adicionais do lúmaro de marzal de «Philistine», e cando a American News Company pidéu mil exemplares, perguntéi á un dos meus empregados cal era o artigo qu'houbera erguido o pô cósmico.

—«Eso de García», contestóume.

O seguinte día recibéuse un telegrama de George S. Daniel, do Ferrocarril Central de New York, que decía: «Poña precio de cen mil exemplares artigo Rowan en xeito folleto. Anuncio tren expreso do Estado Imperial ô respaldo. Diga cando pode facer a entrega.»

Contestéi poñendo precios e decindo qu'os podía entregare en dous anos. As nosas facilidades eran poucas, e cen mil exemplares parecíanos unha cousa magna. O resultado foi que concedínlle premiso a mister Daniels pra que reproducera o artigo como quixera. Fíxô en xeito de folletos, en ediciós de meio millón. Distribuéu duas ou tres ediciós de meio millón cada unha, e, ademáis, o artigo foi reproducido en máis de duas centas revistas e xornaes. Foi tamén traducido á todol-os idiomas.

Cando mister Daniels ocupábase da distribución d'«Un mensaxe á García», o Príncipe Hilakoff, Director dos Ferrocarrís de Rusia, atopábase n-este país. Era hóspede da Compañía do Ferrocarril Central de New York, e viaxóu por tod'ô país en compañía de mister Daniels. O Príncipe veu o libriño; interesóulle, máis pol-o feito de que mister Daniels estába-o distribuindo en tan grandes cantidades, que probablemente por calquer outro motivo.

De todas maneiras, cando o Príncipe regresóu ô seu país fíxo-pue se traduxera ô ruso i-entregárase un exemplar á cada un empregado do ferrocarril en Rusia. Traís esta, viñeron outros paí-


ses, e de Rusia pasou á Alemaña, Francia, España, Turquía, Indostán e a China. Cando a loita entre Rusia e o Xapón, a todol-os soldados rusos que foron á guerra, entregóuselles un exemplar do «Mensaxe á García».

Atopando os xaponeses esos libriños en poder dos prisioeiros rusos, chegaron á conclusión de que tiña de sere algo bõ e por conseguinte traduxérono ô xaponés.

E por orden do Mikado entregóuse un exemplar á todo empregado civil ou militar do Goberno xaponés.

Máis de corenta millós d'exemplares d'«Un mensaxe á García» van impresos. Díse qu'esta é a maior circulación en tod'a historia, qu'haxa tido un traballo literario durante a vida do auctore, gracias á unha serie d'accidentes afertunados.—E. H.

East Aurora, nadal 1 de 1913.





UN MENSAXE A GARCÍA

N'este asunto de Cuba hai un home que sobresaie n'hòurizonte da miña acordanza com'ò planeta Marte no seu perihelio. Cando declaróuse a guerra entre España e os Estados Unidos era mêmster comunicárese axiñamente cò Xefe dos insurreitos. Atopábase García, alá na manigua de Cuba, sin que ninguén soupera do seu paradeiro. Era imposible toda comunicación co-él por telégrafo ou por correo. O Presidente tiña que contare co-a súa axuda sin perda de tempo. ¿Que facer?

Alguén dixo ó Presidente: «Hai un home chamado «Rowan» que pode atopare á García, si é que pódese atopare.»

Chamóuse á Rowan i-entregóuselle unha carta que tiña de entregare á súa vez á García. Como foi qu'este home, Rowan, tomóu a carta, selóuna n'unha carteira d'hule, amarróuna ó peito, fixó un viaxe de catro días, e desembarcôu de noite nas

costas de Cuba n-un bote sin cuberta; como foi que internóuse nas montañas, i en tres semanas saíu á outra veira da Isla, habendo atravesado á pé un país hostil, i entregado a carta á García, son cousas que non teño un especial deseio de narrare en detalle. Pro sí quero que conste que Mc. Kinley, Presidente dos Estados Unidos, puxo unha carta nas mans de Rowan pra qu'este a entregara á García.—Rowan tomou a carta e non perguntou: «¿Onde atópase García?»

¡Milagre dos milagres! E aquí temos un home cuja figura debere vaciada en imperecedeiro bronce e posta a sua estátua en todol-os colexios do país. Non é a insinanza de libros o que a xuventude percisa, nin a instrucción n'isto ou n'aquelo, sinón o endurecemento das vértebras pra que sexan feles ós seus cárregos, pra que aitúen con dilixencia, pra que fagan a cousa—leval-o mensaxe á García.

O xeneral García xa non eisiste, pro hai outros Garcías.

Non hai un home qu'haxa tratado d'adeministrare unha empresa que requeira moito persoal, que, á ocasións, non ficara alelado ó notare a imbecilidade do promeio dos homes, a inhabilidade ou a falla de vountade de concentrare as suas intelixencias n'unha cousa dada, e facel-a.

A asistencia irregular, a desatención ridícula, a indiferencia vulgar, e o traballo mal feito, somellan sere a regra xeneral. Non hai home algún que saía aroso da sua empresa, á non sere que queiras ou non queiras ou pol-a forza obrigue ou soborne á outros pra qu'o axuden, ou á menos qu'a Providencia na sua bondade faga un milagre i envielle ó Anxo da Luz pra que sírvalle d'auxiliare.

Ti, leitore, podes facel-a proba. Atópaste sentado na tua oficina. O teu arredore tés seis empregados. Chama á un d'eles e

pídelle o seguinte: «Teña a bondade de buscare na Enciclopedia e fágame un memorándum corto da vida de Coreggio».

¿Crês tí qu'o empregado contesta: «Si señor», e márchase á facer o que tí lle mandaches?

Nin cousa. Fitarate de soslaio, e farache unha ou mais das seguintes preguntas:

¿Quen era él?

¿En cal enciclopedia?

¿Onde está a enciclopedia?

¿Empregáronme eiquí pra facer eso?

¿Por qué o non fai Carlos?

¿Finóu?

¿Hai prêsa pra eso?

¿Non sería mellôre qu'eu trouxéralle o libro e vostede mesmo o buscara?

¿Pra que quer sabel-o?

E afoutariame á apostare cen contra un, á que dempóis que haxas contestado ò interrogatorio i eispricado a maneira de buscare a información que percisas e por qué o percisas, teu empregado retirarase e obrigará á outro compañeiro pra qu'axúdelle á atopare á García, volvendo pouco dempóis decíndoche que non existe tal home. Dende logo pode dárese o caso en qu'eu perda a aposta, mais según a lei de promeios, non debo perdere.

Agora ben; si tí sabel-o que tés entre mans, tí non debes de te molestare en eispricare ò teu auxiliare que «Coreggio» débese buscare na «C» e non na «K», sinon que surríndote e con bon humore diraslle: «Está ben, déixeo»; e dito esto, ergueraste, e buscaral-o tí mesmo.

E esa incapacidade pra obrar independentemente, esa parvez moral, esa deformidade da vountade, esa falla de disposición pra se facer cárrego d'unha cousa e realizala, esas son as cousas que

han posposto pra lonxe no futuro ò socialismo puro. Si os homes non aítuan pol-as suas propias iniciativas pra sí mesmos, que farán cando o produto dos seus esforzos sexan pra todos. A forza bruta parece percisa e o temore á sere «rebaixado» o sábado á houra da cobranzá, fai que moitos traballadores ou empregados conserven o traballo ou colocación.

Pon vostede un anuncio procurando un taquígrafo, e de dez solicitudes, nove son d'individuos que non teñen ortografía, e o qu'è máis raro aínda, d'individuos que non crén perciso tel-a. ¿Poderían estas persoas esquirbirle unha carta á García?

—«Mire vostede», decláme o axente d'unha gran fábrica, «mire vostede aquel tencedore de libros.»

—Ben, ¿qué ten?

—E un maññico contabre, mais si o manda á facer unha diligencia, tal vez o taga, mais pode dárese o caso de qu'entre en catro tabernas antes de chegare, e cando chegue onde o mandou, é posibre non-se lembre do recado que lle deron. ¿Pode confiarse á este home que leve un mensaxe á García?

Recentemente estivemos ouvindo conversas i eispresións de moitas simpatías hacia os extranxeiros naturalizados que son ouxeto de eispropiación nos talleres o mesmo qu'hacia «o home sin fogar que camiña errante en atopo de traballo honrado», e xunto á esas eispresións empréganse con freconza fortes verbes hacia os homes qu'están no poder.

Nada díse do patrono que s'avellenta antes de tempo tratando en van de inducire ós eternos disgustados e perezosos á que fagan un traballo á conciencia; nin díse nada do longo tempo nin da pacencia que tivo que tere buscando persoal que non fai outra cousa que «matal-o tempo» tan axiña com'ò patrono vira á espalda. En todo estabrecimento i en toda fábrica téñse en práitica constantemente o procedimento de seleición por eliminación.

O patrón vese á cotío obrigado á rebaixar persoal que ten demostrada a súa incompetencia no fomento dos seus intereses, e á tomare outros empregados. Non ten que verer qu'os tempos sexan bôns; este procedimento de selección sigue en todo tempo, e a soia diferenca é que cando as cousas están malas e o traballo n'abonda, faise a selección con mais escrupulosidade, mais afóra e sempre pr'afóra, ten qu'irer o incompetente e o inservibre. Por interés propio, o patrón ten que se ficare cós millores, cós que poden levar un mensaxe á García.

Conezo á un home d'aititudes brillantes, mais sin a habilidade precisa pra se manexare en propio negocio, e que en troques é cómpretamente inútil pra calquer outro, debido á insana sospeita qu'acocha constantemente de qu'o seu patrón o oprime ou trata d'oprimilo. Sin poder mandare, non permite qu'o manden. Si lle deran un mensaxe pra que lle levara á García, probabre fora que contestara d'este xeito: «Lévello vostede mesmo».

Hoxe este home camiña pol-as ruas á ventura en atopo de traballo, tendo que sufrir a incremencia do tempo. Ninguén qu'o coneza, afóutase á lle dar traballo, posto qu'é a mesma esencia do descontento. Non entra por razóns, e o que tan soio porduciría n-el algún efecto, sería un bô biqueirazo saído da biqueira d'unha bota do lúmaro corenta e catro e de sola grosa. Sei, en verdade, que un home como ese, moralmente, non é menos digno de compasión qu'o fisicamente inválido; mais na nosa compasión, deitamos tamén unha vágoa por aqueles homes qu'atópanse ô frente de grandes empresas cuias horas de traballo non están limitadas pol-o sonido d'un pito e [cuios cabelos encanecen prematuramente na loita que sosteñen contr'â indiferencia zafia, contr'â imbecilidade crasa e contr'â ingratidade cruenta dos outros, quenes, á non sere pol-o espírito emprendedore d'éstos, andarían famentos e sin fogar.

Diríase qu'eispreséime con moita dureza. Poida sere; mais cando o mundo enteiro hase entregado ô descanso, eu quero eispresar unhos verbes de simpatía hacia o home qu'ainda á pesare dos grandes incomenentes, soupo dirixil-os esforzos d'outros homes, e que dempóis do trunfo, resulta que non ganóu outra cousa qu'a subsistencia.

Tamén eu carguéi a miña lata do xantar ô taler, e traballei á xornal diario, e tamén fun patrono, e sei que pôdese decire algo das duas partes.

Non hai eiscelencia na pobreza *per se*; os farrapos non sirven de recomendación; non todol-os patronos son ruins e tiranos; non todol-os probes son virtuosos.

As miñas simpatías todas están cõ home que fai o seu traballo cand'ô patrono está diante como cando non está. E o home que cando ô l'entregare unha carta pra García, toma a misiva con tranquilidade sin facer preguntas parvas e sin intención algunha d'arroxal-a na primeira alcantarilla qu'atope ô seu paso, ou de facer cousa algunha que non sexa entregal-a ô destinauario, ese home endexamáis fica sin trahallo nin ten que se declarare en folga pra que aumentenlle o soldo. A civilización busca arelosa á esa crase d'homes. Calquer cousa qu'ese home pida, ten-o. Faise perciso na cibdade, na aldea, en toda oficiña, tenda, fábrica ou taler. O mundo enteiro crama por él á berros; percísase e percísase con urxencia o home que pode levar un «mensaxe á García».

ELBER - HUBBARD.



SOUZA y AVELLO

SUCESORES de LA FUENTE

SUCURSAL DEL DEPÓSITO HIDROGRÁFICO

PAPELERIA — LIBRERIA — OBJETOS DE ESCRITORIO
DIBUJO — PINTURA — OBJETOS PARA REGALOS

IMPRESA Y LITOGRAFIA

CANTON PEQUEÑO, 13

CAMISERÍA

CORBATERÍA


GUANTERÍA

Especialidad en camisas a medida
y pijamas

ENRIQUE ROCA

Real, 28

La Coruña



**Las Maravillas del Mundo
y del Hombre**


Obra completa: 50 cuadernos

ASIA OCEANÍA
AFRICA AMÉRICA
EUROPA

1'50 CUADERNO


EDITORIAL IBÉRICA: J. Pugés - S. en C.
Paseo de Gracia, 62
BARCELONA

Pidase nuestro extenso Catálogo de obras publicadas





Cemento ANCORA



Es el de mayor
venta en Galicia

25.000 TONELADAS

vendidas por esta para todas las obras importantes ejecutadas en la provincia por el Estado, particulares y grandes compañías.

TEJA PLANA IMPERIAL, 1.^a

La más resistente de las cubiertas, comprobada por análisis y toda clase de pruebas de laboratorios del Ejército.

Más económica que cualquiera otra cubierta, pues ahorra la ripia y solo se emplean 13 tejas en metro cuadrado.

Vendidos 200 cargamentos, con varios millones de piezas

LADRILLO TRASCUETO
HIDRÁULICA YESO

VENDEDOR EXCLUSIVO:

VIUDA de NOVOA

Payo Gómez, 6 — La Coruña

EDITORIAL
PRENSA GALLEGA S. A.

Talleres de Imprenta
DE
EL NOROESTE
DIARIO de LA CORUÑA

REAL, 26 ☉☉☉ TELÉFONO III

LA CORUÑA